

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º PARCIAL, 1ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

1. Indica o tipo de relación semántica en cada caso. 1 PUNTO.

- traíñeira, dorna, gamela, iate:
- semana, semanal, semanario, semanalmente:
- traballador / folgazán:
- praia, agosto, descansar, sesta:
- queixo / queixo:
- bola / bóla:
- pai, irmá, curmán, xenro:
- abano / habano:

2. Sinala o lexema e os morfemas nas palabras que aparecen a continuación. Indica de que tipo son os morfemas. 2 PUNTOS.

- tristura:
- cárceres:
- inacción:
- mulleriñas:

3. Identifica que tipo de unidade ou unidades lingüísticas son as seguintes. 1.25 PUNTOS.

- Ola!:
- Hoxe merqueiche o agasallo:
- Ei!:
- Sub - campión:
- Demasiado agradable:
- Comida salgada:

4. Relaciona cada tipo de texto descriptivo coa información correcta sobre el.

prosopografía – descripción subxectiva – retrato – etopea – cronografía - descripción obxectiva – caricatura – topografía

- Acostuma aparecer en textos científico-técnicos pola súa exactitude á hora de describir realidades:
- Utilizamos este tipo de descripción para falar dos trazos da personalidade de alguén:
- Se falamos de como é un lugar estamos facendo _____
- Cando intentamos debuxar coas palabras e de maneira esaxerada os trazos físicos e/ou da personalidade de alguén estamos facendo _____
- Cando nun mesmo texto escribimos como é unha persoa física e persoalmente estamos redactando _____
- Se unicamente escribimos sobre o aspecto físico de alguén, redactamos _____
- Podemos atopar este tipo de descripción nos textos literarios, pois ofrecen visións máis persoais e menos exactas das persoas, cousas...:
- A descripción de etapas históricas, por exemplo, é unha _____

5. Acentúa as palabras que o precisen. 1 PUNTO.

anfíbio – textil – rugby – alveolo – ademais – aínda – varios – posuir – feitos –
constitue

6. Indica cales das palabras anteriores teñen un ditongo, un tritongo ou un hiato. No caso de seren ditongos, identifica tamén o tipo. 1 PUNTO.

- Hiatos:

- Ditongos:

- Tritongos:

7. Responde as seguintes preguntas. 0.75 PUNTOS.

a) Nomea tres palabras de orixe precelta e tres de orixe celta.

Orixe precelta:

Orixe celta:

b) De que linguas proceden os elementos de superestrato do léxico galego?

8. A continuación tes varios étimos latinos que deron lugar a unha palabra patrimonial, indica cal. Sinala tamén os cambios que se produciron para chegar a ela. 1 PUNTO.

- PLUMBU:

- AMICU:

- NOCTE:

- PALU:

9. Responde as seguintes preguntas. 1 PUNTO.

a) Que artista relacionado coa literatura medieval e pertencente á nobreza foi o compositor por excelencia das cantigas? E cal executaba a danza que acompañaba as cantigas?

b) Como se chama o manuscrito que contén as sete cantigas de Martín Codax?

c) Que influencia recibiu a nosa lírica medieval profana?